

Reunido en Santiago de Compostela, no IES Xelmírez I, o luns 3 de Outubro de 2022, o xurado do X Certame de Ensaio Subversivo "Guillermo Domínguez" estivo composto polos membros que se relacionan:

Presidente:

Armando Requeixo, crítico literario e investigador, profesor da USC e secretario científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ensaísta e estudoso da cultura galega. Subliñar de entre moitísimos traballos e artigos, as teses de licenciatura e de doutoramento dedicadas a Ánxel Fole e Xosé María Díaz Castro, respectivamente, Premio Xerais de Cooperación Editorial 2004, Premio Literario Ánxel Fole 2010 e Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela 2017. Representante, neste xurado, da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Vogais:

Miguel Vazquez Freire, Filósofo, escritor e tradutor. Director da revista Golfiño e codirector da colección Merlín de Edicións Xerais de Galicia. A súa traxectoria laboral e de pensamento estivo sempre ligada ao audiovisual e á didáctica, foi un dos principais promotores dos grupos Pé de Imaxe e de Nova Escola Galega. Colabora como crítico e comentarista en diversas publicacións como a *Revista Galega de Educación*, *Cuadernos de Pedagogía*, *CLIJ*, *El Urogallo* e a revista *Tempos*. Entre os seus ensaios cabe destacar os máis recentes: *Da Carapuchiña ao señor Lamote* (2019). Xerais. Ou *De Compostela a Braga e de Braga a Compostela. O Pío Latrocinio e outras vellas inimizadas* (2022). Edicións Positivas. Na súa andadura filosófica cabe destacar a súa participación en diferentes eventos que promoven a divulgación da Filosofía a nivel popular mediante cursos de verán como Encontros de Filosofía na Costa da Morte, celebrados anualmente en Corcubión ou

Filosofía para Veraneantes que tamén tivo a súa presenza na radio da Costa da Morte. Froito destes encontros a súa derradeira obra de divulgación: O Moucho Voa, Xerais 2022.

Berta Mata Hermida, principal impulsora do premio que recoñece a figura de Guillermo Domínguez, profesora de Filosofía do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela, secretaria do centro e do Colectivo Xelmírez.

Secretaria (con voz e sen voto): Eva Garea Traba, profesora de Filosofía do IES Arcebispo Xelmírez I de Santiago de Compostela.

RESOLVEU:

Outorgar os premios e mencións honoríficas que se relacionan aos seguintes traballos atendendo aos criterios que se expoñen:

O Segundo premio, dotado con 200 euros e diploma acreditativo, ao traballo **"IN-CONSCIENTES: ESCRAVOS DUNHA SOCIEDADE"** de Brais Neira Ferro do IES Xelmírez II de Santiago de Compostela, pola súa capacidade para encarar un tema como a liberdade no contexto da posmodernidade actual. As relación que amosa entre o concepto de "liberdade" e as teorías clásicas e actuais é razón suficiente para que estea entre os galardoados nesta edición.

O Primeiro premio, dotado con 500 euros e diploma acreditativo, ao traballo **"A Rapaza Triste: Tiqqun e a feminidade contemporánea"** de Noa López Vilas do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela. O Xurado quere destacar a forma en que a autora do ensaio recolle o mais actual do pensamento contemporáneo feminista para dar a súa visión persoal da situación da muller hoxe. A autora é quen de levar esa reflexión sobre a muller a un discurso sobre a sociedade actual, perfilando o tipo de sociedade a que nos vemos abocados e indicando algunha das solucións posibles aos dilemas da actualidade. O traballo amosa unha

madurez intelectual e unha comprensión da sociedade actual que o fan digno representante deste premio.

En Santiago de Compostela a 3 de Outubro de 2022